

GUIÓN MUSICAL: DE VIAXE CO ARTISTA JAN

ATREZZO/VESTIARIO

ESCENARIO

Intro musical

Paisaxe na natureza

Jan entra en escena levando un **sombreiro de festa** e un **paquete de regalo grande**.

Jan:

Oh! Que festa de cumpreanos tan bonita! Ogallá fora o meu aniversario todos os días!

Jan senta baixo unha **árbore** e pregúntase...

Jan: Que agasallo tan grande me fixo a miña avoa! Teño tanta curiosidade por saber o que hai dentro! (*Jan abre o paquete*).

Jan: Vaia! Un **maletín de artista**! Agora podereime converter nun artista de verdade! Levo tanto tempo soñando con isto... Hurraaaaaa!

Canción de apertura "Artist song"

Jan: Xenial! Vou a ver...!

Jan abre o maletín e sae unha morea de **confetti**... no fondo atopa un **sobre** e un **lenzo en branco**.

Jan: Non o entendo! (*Jan segue a remexer no maletín, sacúdeo, pono boca abaixo e del cae un sobre*)

No projection, enfoque no narrador

Narrador: Meu querido Jan!

Polo teu aniversario vouche dar:

Un bico grande aquí, un bico grande acolá

Facerte artista levarate máis alá!

Vai e percorre Europa, quen sabe o que atoparás

Experiencias en calquera lugar, saborea, sinte, pinta e baila!

Cada país coas súas propias cancións!

Así que colle ese avión a Finlandia!

Un bico grande da túa avoa.

Enfoque en Jan

Jan: Vaia, increíble!... Voume a Finlandia! Vou pola miña mochila e marchó xa!

Jan sae correndo do escenario!

Vídeo dun avión despegando e aterrando

Avión a Finlandia

Bandeira finesa

Jan baixa do avión coa súa equipaxe na man.

Jan: Guau... cheguei a Finlandia. Pregúntome quen será a miña guía aquí?

Baixa do avión.

Mentras sae ve a dúas meniñas cun cartel que di "Tervetuloa Jan"

Aulikki: Ola, que tal Jan? Eu son Aulikki.

Jan: Ola Aulikki, que di o teu cartaz? Non entendo a túa lingua.

Paivi: Di "Benvido Jan"!

Jan: Moitas grazas por vir recibirme ao aeroporto!

Paivi: Dámosche a nosa benvida! Veña, imos coñecer Finlandia, porque non creo que teñas moito tempo.

Jan: Non teño, é certo; pero espera, quero ensinarvos algo moi especial! Agasalláronme con este maletín de artista polo meu aniversario!

Aulikki: Vaia! Que maletín máis bonito! Ten algo dentro?

Jan: Abrireiño para que o vexas.

Jan abre o maletín e saca un lenzo en branco.

Jan: Mira, isto é todo o que necesitas para ser un artista! Que bonito! Poderíasme axudar a poñer no meu lenzo algo dun artista finés?

Aulikki: Quéreste facer artista, Jan? Temos un museo ben bonito aquí, imos a coñecer aos artistas fineses máis famosos?

Jan: Boa idea!

Rúas finesas

Atravesan a cidade de camiño ao museo (foto). Atópanse cun grupo de bailaríns na rúa. Paran un momento e miran como bailan. (Baile tradicional finés)

Bandeira finesa

Jan: Oh! Iso foi fantástico!

Jan: Era un baile tradicional de Finlandia? Nunca o vira antes!

Aulikki: Exacto, Jan, este é o noso baile tradicional nacional, mira que roupas tan fermosas; a xente aquí lévaas para bailar ou para outras ocasións especiais.

Jan: Xenial! Imos agora ao museo!

Paivi: Jan mira, este é o cadro “Pelexa de pitas do monte” de Ferdinand von Wright. Este artista finés é famoso polos detalles minuciosos nos seus cadros de aves.

Cadro “Pelexa de pitas do monte” (The Fighting [Capercaillies](#) Ferdinand von Wright 1886))

Jan mira o cadro

canción finlandesa en twinspace

Bandeira finesa

Aulikki: Querido Jan, coido que teño unha sorpresa para ti.
Aulikki abre a súa mochila.

Aulikki: Mira Jan, temos unha **pita do monte** na casa e collín isto (**pluma de pita do monte**) para ensinarlo á miña mestra, pero voucha regalar a ti!

Jan: Oh, Aulikki, é para min? Agora teño un cachiño do cadro “Pelexa de pitas do monte” no meu lenzo! É impresionante!

Aulikki: Teño un pouco de **pegamento** na mochila, así podes comezar a túa obra de arte agora mesmo!

Jan: Sodes as mellores guías do mundo!

Aulikki: Jan, temos outro agasallo para ti, **unha carta do teu avó.**

No projection/ enfoque no narrador

Querido Jan!

Qué sería da pita do monte se non puidese loitar?

Un animal de fermosas cores

Que se relaxaría baixo o sol grego

Que che parecería estar alí meu neno?

Veña, colle ese segundo avión para Grecia!

Vídeo dun avión

Avión a Grecia

O avión Erasmus Airlines aterriza en Atenas.

Bandeira grega

Jan: Si! Que soleado está! Vou a ver se atopo quen me poda axudar na miña viaxe por Grecia!

Jan sae da terminal co seu maletín de artista na man.

Marcos: Kalosorisma Jan.

Jan: Ola amigo, que dixeches? Non o pillei!

Marcos: Dixen “Benvido Jan” en grego. Chámome Marcos. Tiveches un voo agradable?

Jan: Si! Chegar con este tempo tan soleado é estupendo!

Marcos: Que maleta tan rara trouxeches contigo de Finlandia. É a moda finlandesa?

Jan: Non, non . Este maletín regaláronmo os meus avós!
Marcos: Do teu avó e da túa avoa?
Jan: Si, teño os mellores avoíños do mundo! Foi polo meu cumple!
Marcos: Feliz aniversario Jan! Pois si que é un agasallo ben bonito! Hai algo dentro?
Jan: Claro que hai, bota unha ollada!

Jan abre o seu maletín de artista e saca o lenzo coas plumas de pita do monte.

Jan: A miña avoa agasalloume con este lenzo. Estou a viaxar por todo o mundo en busca de cousas fermosas. Igual que fan os artistas de verdade. Por iso veño a Grecia agora.
Marcos: Vaia! Pero xa tes algo no lenzo?
Jan: Si, fun a un museo en Finlandia e vin o cadro “Pelexa de pitas do monte”. Mira, esta é unha pluma de verdade que me recorda a esa obra de arte.

Marcos: Que fermosa Jan! Veña, imos aló!
Jan: Ir a onde?
Marcos: Ao meu lugar favorito da cidade: a Academia
Jan: Unha academia?
Marcos: Si, é un edificio onde unha morea de artistas fan cousas moi divertidas!
Jan: De acordo, imos!

Imaxe de Atenas

Marcos e Jan camiñan por Atenas (imaxe)

Marcos: Mira Jan, esta é a Academia de Atenas! (
Sona SIRTAKI cada vez máis audible)
Jan: Que sitio tan bonito! Pero óese música, de onde vén?
Marcos: Ah! Ese é un grupo de baile no que estou... ven e observa o baile grego máis famoso... o Sirtaki!
Jan: Ola a todos e todas! Oh, encántame bailar! Podo mirar?
Marcos: Claro que podes! Tamén te podes animar a bailar con nós! Divírtete viaxando Jan e boa sorte!!

(Varios nenos bailarán o Sirtaki e Jan unirase a eles. Hai unha fotógrafa, Stella, sacando fotos.)

Stella: Que baile tan divertido Jan! Gustouche?
Jan: Si, foi xenial! Pero aínda non teño nada que engadir ao meu lenzo...
Stella: Mira que boa **foto** fixen do baile! Tan divertida!
Jan: Moitas grazas! Podo usar esta foto no meu lenzo? Podería recortar todos os cachiños bonitos e pegalos no meu lenzo!
Stella: Que grande idea, Jan!
Jan: Aínda teño un pouco de pegamento no meu maletín... déronmo os meus amigos fineses!
Stella: Marcos deume este **sobre** para ti cando estaba a sacar as fotos! Prometín darcho antes de que marchases!
Jan: Outro **sobre**? Que emocionante!

No projection/ enfoque no narrador

Narrador:
Meu querido Jan,
Bailar é moi divertido!

O teu lenzo encherase de cousas de todo o mundo!
Estiveches en Finlandia e Grecia, agora viaxemos un pouco máis!
Súbete a ese terceiro avión rumbo a Irlanda!

Vídeo dun avión

Avión a Irlanda

O avión Erasmus Airlines aterriza en Dublín.

Bandeira irlandesa.

Maive: Ola Jan, “Welcome to Ireland!”

Jan: Ola Maive! Que ben! É a primeira vez que entendo á miña guía cando me da a benvida. É coma estar na casa! Irlanda semella un país tan fermoso!

(Chega un segundo neno/a)

Peter: Por certo que o é! Perdoade por chegar tarde! A nosa paisaxe é fantástica e tamén a nosa cultura!

Jan: Si? Gustaríame moito aprender máis da vosa cultura! Podédesme amosar un pouco da cultura irlandesa?

Lanzadeira (shuttle bus)

Peter: Claro Jan, Maive e máis eu levarémoste no bus ao casco antigo de Dublín.

Maive, Peter and Jan van no bus cara ao centro.

Rúa irlandesa con pub.

Peter: Jan, este é o casco vello de Dublín.

Jan: Que fermosa cidade, que significa Pub? Véxoo en tantos edificios por aquí ...

Maive: Son os nosos cafés típicos. Encántanos beber Guinness, unha clase de cervexa negra para adultos.

Jan: Mmmm! Iso soa especial!

Peter: Sabes o que nos encanta comer? Fish and Chips!

Jan: Ha ha, iso soa coma o nome dun xogo!

Peter: No Jan, non é un xogo, é a miña comida favorita! É peixe frito con patacas!

Jan: Mmm! Encántanme as patacas fritidas! Pero xa vale de comida! O meu maletín pesa bastante!

Bandeira irlandesa.

Maive: Vaia! Que maletín tan chulo tés! E que colorido!

Jan: Si! É un maletín de artista de verdade que me regalaron os meus avós polo meu aniversario! E isto é polo que estou aquí.

Peter: Que é o que realmente buscas?

Jan: Pois, déronme un lenzo. Amosareicho, hai moitos recordos neste lenzo de todos os países que visitei. Pero aínda collen máis! Faríame moita ilusión poñer algo irlandés nel!

Maive: Ah, claro! Por iso querías saber máis sobre a nosa cultura, querías dicir cultura artística... non cultura gastronómica verdade?

Jan: Correcto! Irlanda seguramente ten algo do que de verdade vos sentides orgullosos, non?

Maive: Pois claro! Encántanos bailar! Temos un famoso baile irlandés chamado River dance! Ensinareiche un par de pasos... Espero que saibas contar!

Jan: Claro que sei contar! E gustaríame moito vervos bailar!

Maive: Pero non bailamos sós! Oe ti, queres bailar o noso River Dance? Chámase “Siege of Ennis”

Jan: Que baile tan abraiante! Un dos bailes máis fermosos que vin na miña vida, e que música tan fantástica!

Peter: Grazas!

Maive: Ben, tocamos unha morea de instrumentos, coma a arpa, o violín e o acordeón! Estes son os instrumentos que tocan os nosos músicos!

Peter: Neste póster podes ver todos os instrumentos usados polos músicos cando tocan o concerto do River Dance! O concerto foi ontes.

Jan: Podo quedarme con este póster, por favor?

Peter: Claro, que queres facer con el?

Jan: Pois vou recortar os instrumentos e pegalos no meu lenzo. Casi o teño listo! Pegarei a arpa, o violín e o acordeón no lenzo.

Maive: Jan, tamén temos este trevo da sorte para ti, este é o noso símbolo nacional, así poderasnos lembrar a Peter e a min. (Jan péga no lenzo).

Peter: este sobre é tamén para ti!

Sen proxección - Foco no narrador:

Narrador:

Queridísimo Jan!

O vento fai soar a música todo o rato

Tu serás un artista

Co teu lenzo xa comezado

Colle o voo número 4

E en Romanía axudarémosche a completalo

Vídeo avión

Vídeo canción YouTube Romania

Jan escoita a canción romanesa Grupul Trandafirul Prahovean - Hai, munteni, la joc nos seus auriculares. El chega ao aeroporto Henri Coanda.

Bandeira Romanía

Jan: Estou desexando aprender cousas sobre este lugar! Vaites, penso que alí están os meus guías!

(Camiña cara os nenos e nenas co letreiro Bun Venit Jan).

Anca: Bun venit Jan! Estamos moi contentos de que viñeras a Rumanía! Eu chámome

Anca!

Christian: E eu son Christian, estás preparado?

Jan: Estou preparado Christian!

Jan camiña xunto a Anca e Christian e co seu maletín de artista.

Mirade tódalas cousas que fun gardando das miñas visitas a Finlandia, Grecia e Irlanda!
(*Jan ensínalles a súa art case e saca o lenzo*)

Anca: Vaia Jan, que bonito é!

Christian: Estou certo de que podemos axudarche e inspirarte para continuares a traballar nel Jan! Amigos e amigas da nosa clase vannos axudar! Nenas e nenos, depende de vós!
(*Os nenos e nenas bailan unha canción romanese, vestidos con traxes tradicionais, Anca e Christian únense*).

Jan: Vaites! Encantoume!

Anca: Jan, esta é unha **camisa tradicional de Romanía**

Christian: e este **pano** é parte do traxe tamén. Agora xa podes traballar de novo no teu lenzo.

Anca encende a radio: soa Ciprian Porumbescu - Balada pentru vioara si orchestra

Obra de arte Grigurescu

Christian: Mira Jan! Nicolae Grigorescu foi un artista Romanés que se inspiraba nas nosas belas paisaxes, nas roupas tradicionais e nas beautiful Romanian girls.

Anca: Non che parece que isto pode serche de axuda para continuar a completar o teu lenzo?

Jan: Paréceme fermoso. Tedes un pincel e algo de pintura para min?

Música de violín soando

Anca e Christian dánlle a Jan material de pintura e el pinta con música de violín soando. Eles miran o que está a facer Jan e gústalles.

Anca: Que ben che quedou Jan! Penso que podemos darche o seguinte **sobre** agora.

Foco no narrador

Clip avión

Narrador:
Queridísimo Jan
Aprendiche xa tanto

Esta creatividade é o que che fai feliz
Dende pequeno, sempre che gustou
Por iso esta oportunidade che ofrecín
Colle un avión a Bélxica e remata ese lenzo
Pois o cansanzo non che fai parar

Deica pronto Jan

Vídeo avión

Avión a Bélxica

Bandeira Belga

Comandante : *Señoras e señores, aquí o comandante. Chegaremos axiña ao aeroporto de Bruselas. Son as 9:30 hora local e a temperatura é duns agradables 16 graos. Agardamos que disfrutaran do seu voo coa aeroliña Erasmus e esperamos velos de novo. Disfruten da súa estancia.*
Jan entra na terminal de chegadas e ve a Lisa e Simon cun gran cartel "Welkon Jan!"

Jan: Encantado de coñecervos!

Lisa: Encantada de coñecerte tamén, chámome Lisa.

Simon: E eu son Simon. Escoitamos que estás a viaxar por Europa para aprender sobre a arte e así facer a túa propia obra!

Jan: Así é! Xa visitei Finlandia, Grecia, Irlanda e Romanía.

Lisa: Imos aló! Temos tantas cousas que ensinarche!

Jan, Lisa e Simon marchan do aeroporto.

Jan: Escoitei moito sobre Bruselas, a capital de Europa....teño moita curiosidade!

Lisa: Estou segura que vai ser inesquecible! Primeiro coñeceremos ao neno máis famoso e divertido de Bélxica! Manneken Pis!

(Jan sinala un **letreiro de publicidade dos pitufos**)

Jan: Vaites que son esas personiñas azuis tan pequenas?

Simon: Son Pitufos! Non os coñeces? Son moi famosos en Bélxica, apareceron por primeira vez nun tebeo do ano 1959!

Jan: Vaia!

Lisa: Xa saíron dúas películas sobre eles! Tamén hai uns debuxos animados sobre eles. Voucho ensinar no meu **smartphone**

Manneken Pis

Lisa: Aquí está, o Manneken Pis, que che parece?

Jan: Pero se está completamente espido! (Todos rin)

Lisa: Si, é verdade, pero non está sempre espido, vístese en ocasións especiais, como en Nadal, que se pon un traxe ben xeitoso!

Vídeo Manneken Pis

Simon e Lisa miran ao reloxo

Bandeira belga

Simon: Vaia, xa é hora! Axiña, ou corremos ou perderemos o bus a Amberes! Lisa, Jan, imos!

(Bus en marcha)

Amberes

Jan: Disque Amberes ten moitas obras de arte ben fermosas e que se poden visitar! Como as de Peter Paul Rubens e Magritte!

Simon: Tes razón, ensinareichas (Chaman á porta e Magritte abre)

Magritte: Ola, que podo facer por vós?

Jan: Gustaríame saber algo máis sobre os seus cadros! Podería axudarme co meu lenzo?

Peza de arte de Magritte

Magritte: Estás no sitio axeitado Jan! (cadros de Magritte na parede) Eu podoo explicarche algunha cousiña sobre estes cadros.

Jan: Gracias por toda a axuda Magritte! (Jan colle o lenzo e marcha da casa)

Bandeira belga

Lisa tararea "Formidable" by Stromae e Simon canta un anaco.

Lisa: Jan, coñeces esta canción? O artista é Stromae, coñecido en todo o mundo e é belga!

Jan: Si, si que o coñezo! Son fan del!

Simon: Este é o noso día de sorte! Actúa hoxe á noite no Palacio dos deportes e temos **entradas!**
(están todos contentos)

Escenario sportpaleis

Stromae aparece no escenario e comeza a festa. Despois da canción, a tarima vacíase e clase 4 baila "Alors on dance".

Lisa, Jan e Simon continúan cantando, bailando e pasándoo en grande ata que están esgotados e teñen que sentarse.

Jan: Foi un día fantástico! Moitas gracias!

Simon: De nada Jan! Nós tamén o pasamos moi ben!

Bandeira belga

Lisa e simón: Axudámosche a pintar algo no teu lenzo?

Jan: Agora non que teño moita presa...

Lisa: Agardamos entón que poidas rematar o teu lenzo axiña Jan! Deica logo!

Simon: Espera, espera que se me esquencía que temos un sobre para tí, toma...

Simon e Jan danse a man.

Jan: Adeus amigos!

Querido Jan!

Pintache tradición e cultura con pasión

Inspirado polo pasado, pintar o futuro é máis doado

Disfruta as tapas, o sol, a cor

Viaxarás a España no seguinte avión

Jan: Ao aeroporto! Camiño a España!

Bandeira española

*Sergio e Valeria sosteñen o seu **letreiro Bienvenido***

Valeria: Estou desexando que chegue Jan!

Sergio: Mira, o avión xa aterrou!

Sergio and Valeria: Benvido Jan!

Jan parece disgustado

Valeria: paraces molesto Jan, que ocorre?

Jan: Perderon a miña maleta! Estiven esperando na cinta de maletas e xa non estaba.....agora perdino todo.... (Jan está moi triste)

Neno/a 2: Vaites Jan, e logo que había na túa maleta?

Jan: Pois, o meu lenzo.... a razón pola que estou aquí... e.....a miña roupa interior...

Nena/o 3: Non te preocupes por iso, eu podo prestarche uns calzóns, vou mandarlle unha mensaxe á miña nai para que nolos traia...**teléfono móbil (sms)**

Jan: Moitas gracias...como vos chamades?

Valeria: Eu son Valeria

Sergio: E eu son Sergio

Unha traballadora do aeroporto pasa ao seu carón

Jan: e que pasa co meu lenzo? Eu viñen aquí para aprender sobre a arte española e agora xa non o teño...

Sergio: Tranquilo Jan, imos intentar solucionalo!

Unha traballadora do aeroporto achégase

Traballadora: Estades a buscar isto? *(Ela ensínalles a maleta de Jan)*

Jan: Oh moitísimas gracias! Onde estaba?

Traballadora: Estaba en “equipaxes perdidas” pero escoiteivos falar e pensei que esta maleta podía ser vosa.

Jan: Moitas gracias

Valeria: Todo se amañou, Jan!

Jan: Sodes uns bos amigos, poderíades ademais ensinarme algo sobre a arte en España e así axudarme a completar o meu lenzo?

Sergio: Por suposto Jan! Estamos en Barcelona por unha boa razón! Imos!

Obra de arte de Gaudí

Jan: Impresionante!

Valeria: Mira o que temos para ti, Jan (ela colle unha bolsa con **pedras de mosaico**)

Sergio: Estas son pedras de diferentes cores, como as que empregou Gaudí nas estatuas que realizou. El foi un dos arquitectos españois máis famosos. Cres que podes traballar no teu lenzo con estas pedras?

Jan: Son perfectast! Vai quedar xenial!

(Soa a canción española, Hecho con tus sueños .Maldita Nerea Jan traballa no seu lenzo)

Valeria: É fermoso!

Jan: Creo que o meu lenzo está case rematado!

Sergio: Temos algo máis para ti Jan! (dálle un **sobre**)

Valeria: Non estás cansado? Xa lerás despois...Ata logo
Valeria e Sergio danse a man...despidense

Jan: Adeus amigos

Jan senta baixo unha árbore e queda durmido

AMENCE..

Burela

Jan estírase logo da sesta e mira ao seu lenzo.

Jan: Mmm..Non está rematado.. Aínda preciso de axuda...Poida que os meus amigos e amigas de Vista Alegre me boten unha man. Jan colle o seu **teléfono** e chama a Gema.

Chamada de teléfono gravada con Gema

Gema: Bo día, Son Gema, quen eres?

Jan: Ola Gema , son Jan, preciso da túa axuda!

Gema: Ola Jan! Como estás? Que alegría falar contigo! En que podo axudarche?

Jan: Estiven viaxando por Finlandia, Grecia, Irlanda, Romanía e Bélxica e coñecín xente moi amable que me axudou! Aprendín sobre arte, música e pintura. Rematei un pequeno anaco de lenzo en cada país, pero aínda non o rematei... podería a xente de Vista Alegre axudarme?

Gema: Claro que si Jan! Sempre es benvido aquí!

Jan chega a Vista Alegre

Foto Vista Alegre

Nenos e nenas de 4º bailan e cantan (canción e baile galego) con Jan

Jan: Que benvinda tan espectacular!

Nena/o de Vista Alegre: Jan, seica precisas axuda para rematar a túa peza de arte! Nós axudarémosche!

Un neno e unha nena . axudan a Jan a pintar

Jan: Imos ver, que vos parece?

Alumnos de Vista Alegre: Está xenial Jan!

Jan: Penso que a miña obra de arte está lista! Que marabillosa aventura! Aprendín tanto de cada país! Fixen tantos novos amigos e amigas! Nunca o esqueceréi!

Jan colle o teléfono fala coa avoa

Imaxe natureza (mesma que ao comezo)

Jan: Ola Avoa! Fixen unha obra de arte marabillosa! Teño moitas ganas de ensinarcha!
Son a persoa máis feliz da terra, cando me decato de que teño amigos por todos os sitios pero tárdame moito volver a abrazarte e contarche todo...

Avoa: Vén por aquí, estou na casa! Deica pronto!

(Luces fóra – remata a obra)